

PORQUE NON SOMOS MÁQUINAS


Ameazas, insultos, ocupación da oficina... Que fago?

Consultada a intranet de **BBVA**, observamos que non existe referencia algunha, sobre liñas de actuación ante situacións violentas externas (**ameaza verbal dos clientes, agresión, ocupación de oficina...**).

Este baleiro informativo provoca unha percepción de desamparo no traballador ou na traballadora, que de maneira involuntaria e no desenvolvemento da súa función, atópase nun incidente deste tipo.

Tendo en conta que toda situación violenta xera consecuencias sobre a persoa que a sofre, é fundamental unha actuación inmediata desde o primeiro momento, para axudar a minimizar ou anular os efectos do feito traumático.

Por iso desde **CCOO** no Comité Estatal de Seguridade e Saúde (CESS), celebrado este 28 de xaneiro, pedimos se corrixa de forma urxente esta circunstancia, propoñendo que coa nosa participación, se elabore e publicite para todo o persoal, un protocolo que especifique de forma clara a ruta de comunicación do suceso, e que active de maneira automática a intervención de:



- Asesoría Xurídica – (Consulta e acompañamento)
- Seguridade– (Valoración Técnica que articule medidas de apoio puntuais, intermitentes ou continuas)
- SPRL (Apoio psicolóxico, seguimento gradual, citas prefixadas...)

Mentres este protocolo se desenvólve, se te atopases nunha situación violenta, avisa de forma inmediata ao Responsable de Seguridade da túa zona, e aos delegados/as de **CCOO** da túa área, para que se axilicen as actuacións pertinentes.

Dóече?



Manter unha boa **hixiene postural** no desenvolvemento das nosas tarefas diarias é complicado, e aínda máis, cando temos que atender o teléfono e teclear o computador ao mesmo tempo.

Suxeitar o teléfono desta maneira, obriga a realizar uns movementos forzados e inadecuados, que ademais de provocar dor, terminan derivando nunha lesión cervical.

Podemos evitalo? SI, utilizando os “AURICULARES DE DIADEMA” aptos para os dispositivos móbiles, implantados nas oficinas co proxecto “TodoMóvil”.



Como se solicitan? Dirixe un correo electrónico ao TM (técnico de medios) da túa zona, especificando os teus datos de forma clara. NON hai que xustificar ningunha patoloxía, nin acompañar informe médico algún.

Para calquera aclaración ou incidencia, ponte en contacto cos delegados/as de **CCOO** do teu territorio.

Seguimos traballando, seguiremos informando

Febreiro 2016

Delegadas/os de Prevención e Saúde Laboral de CCOO no CESS de BBVA

M. ROSARIO GIL DELGADO
JOSE ATANASIO CAÑADAS
ARNAU LLINÁS QUINTANA
JULIO ROS GALIANA
JOSE SUAREZ NUÑEZ

Sevilla
Málaga
Balears
Valencia
A Coruña

charigil@servicios.ccoo.es
joseatan.canadas@servicios.ccoo.es
allinas@servicios.ccoo.es
julioros@servicios.ccoo.es
josesuarez@servicios.ccoo.es

Delegadas/os de
revención de CCOO

